

# ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN ADERCOU

## TÍTULO I. DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL

### Artigo 1. Denominación

Constitúese a Asociación de Desenvolvemento Rural Comarca de Ourense - ADERCOU- para dar cumprimento aos obxectivos previstos no Programa Leader. A asociación carece de ánimo de lucro.

Os beneficios que obteña por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con fin lucrativo.

### Artigo 2. Réxime legal

A asociación rexerese polo artigo 22 da Constitución, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, polo Real Decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións, por estes estatutos e polo regulamento de réxime interno que se aprobe, así como polos acordos validamente adoptados na asemblea xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia.

## TÍTULO II. DOMICILIO SOCIAL E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

### Artigo 3. Domicilio

A asociación fixa o domicilio social no Camiño do Pontón 25, no concello de Barbadás.

### Artigo 4. Ámbito de actuación

A asociación terá como ámbito de actuación preferente o dos concellos de AMOEIRO, BARBADÁS, CARTELLE, COLES, ESGOS, GOMESENDE, A MERCA, NOGUEIRA DE RAMUÍN, OURENSE, PADERNE DE ALLARIZ, O PEREIRO DE AGUIAR, A PEROXA, RAMIRÁS, SAN CIBRAO DAS VIÑAS, TOÉN, VILAMARÍN, XUNQUEIRA DE ESPADAÑEDO na provincia de OURENSE, sen prexuízo de que poida establecerse grupos territoriais acordados as liña marcadas pola Xunta de Galicia para diferentes programas de Desenvolvemento Europeo.

**adercou**

**TÍTULO III. FINS E ACTIVIDADES**

**Artigo 5. Fins e actividades**

1.- A asociación constitúese coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento sustentable do territorio de actuación, para acadar as seguintes fins:

- a) Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas da zona, prestando especial atención á mocidade, ás mulleres, ás persoas en situación de dependencia, aos colectivos en risco de exclusión social, á protección do ambiente e á creación de emprego.
- b) Sensibilizar as administracións locais, autonómica e estatal, así como as institucións comunitarias europeas, canalizando as demandas da poboación do territorio, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico e integral.
- c) Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao desenvolvemento socioeconómico do medio rural, tanto a nivel nacional coma internacional, centrándose esta labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos e iniciativas de interese para lograr un desenvolvemento harmónico, equilibrado, endógeno, sostible e integral.
- d) Participación como mínimo nun proxecto a nivel interrexional e un proxecto europeo, estando aberto a calquera proxecto que contribúa ao desenvolvemento da zona.
- e) Posibilitar entre os asociados e outros interesados o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación e desenvolvemento socioeconómico.
- f) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, culturais, históricos e artísticos da zona.
- g) Concienciar á poboación da necesidade de protexer o ambiente e o contorno rural, e tomar parte activa niso, mediante actividades orixinais e innovadoras.
- h) Formular e transmitir á poboación a estratexia adecuada para lograr o desenvolvemento da zona, así como promover a súa aplicación.
- i) Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico.
- j) Promover o consumo responsable como motor da sustentabilidade ecolóxica e social no ámbito de actuación da asociación, así como a compra pública ética entre as administracións locais.
- k) Promover o fomento da paridade de xénero nos órganos de decisión da asociación.

2.- Para acadar os ditos fins, a asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:

- a) Desenvolver iniciativas dirixidas a frear o éxodo rural, así como a fomentar a creación de emprego.
- b) Sensibilizar o tecido socioeconómico da zona sobre os problemas, recursos, accións e proxectos que contribúan ao seu desenvolvemento.
- c) Organizar, promover, coordinar e realizar todo tipo de actividades socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos aos problemas de desenvolvemento da

**adercou**



- zona, así como editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou informático, de carácter especializado, didáctico ou, simplemente, divulgativo.
- d) Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera actividade, programa ou proxecto relacionado cos obxectivos da asociación.
  - e) Proxectar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acadar unha axeitada formación e posta ao día permanente de todos os colectivos vinculados ao desenvolvemento rural, especialmente dos membros da asociación.
  - f) Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a busca de liñas de actuación conxunta con entidades análogas, nacionais ou internacionais.
  - g) Levar a cabo as campañas de difusión e publicidade que se estimen necesarias.
  - h) Recoller, tratar, difundir e intercambiar documentación e información relativa ao desenvolvemento rural a través dos medios adecuados.
  - i) Implicarse na xestión de programas de desenvolvemento do seu territorio.
  - j) Promover directamente actuacións e proxectos que incidan no desenvolvemento do territorio de actuación.
  - k) Calquera outra actividade que poida resultar necesaria ou consecvente coas anteriores.

#### **TÍTULO IV. ASOCIADOS**

##### **Artigo 6. Composición**

1.- A asociación ADERCOU estará integrada por un conxunto equilibrado e representativo dos interlocutores dos diferentes sectores socioeconómicos, tanto públicos como privados, con arraigo no ámbito de actuación da asociación, debendo ter tamén un carácter equilibrado e representativo no plano territorial. Non poderán formar parte da asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais. **Rexerá o principio de portas abertas**, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados.

2.- A efectos de adopción de decisións, o sector privado, constituído polos axentes económicos e sociais así como por outros representantes da sociedade civil, deberá representar **máis do 50%** dos votos en todos os órganos de decisión.

##### **Artigo 7. Adquisición da condición de asociado**

1.- Para que unha entidade teña a condición de asociado deberá figurar na lista de fundadores ou ben, unha vez constituída a asociación, solicitar o ingreso mediante un escrito dirixido ao presidente no que manifieste a vontade expresa de adherirse á asociación e de comprometerse coa consecución dos fins estatutarios. Debe xuntar, ademais, un acordo do órgano competente da entidade que exprese a vontade de ser asociado e a persoa que a representará na asociación.

2.- Cando un candidato a ser asociado non teña o seu domicilio social no ámbito de actuación desta asociación deberá demostrar que desenvolve unha actividade relevante e consolidada no tempo en dito ámbito territorial.



# adercou

Cando unha entidade solicite a entrada na asociación **deberá acreditar un ano de actividade no ámbito territorial da asociación.**

4.- A presidencia trasladará a solicitude á xunta directiva, que deberá resolver nun prazo non superior a dous meses dende a data de presentación, adscribindo a solicitante a unha das mesas sectoriais, segundo o seu interese preferente. Contra o acordo denegatorio da admisión o solicitante poderá recorrer ante a primeira asemblea xeral que teña lugar, debendo figurar este asunto expresamente na orde do día correspondente.

5.- Non adquiren a condición de asociado, tanto os fundadores como os membros que se incorporen con posterioridade, mentres non satisfagan a cota de entrada establecida e as débedas pendentes coa asociación.

### Artigo 8. Perda da condición de asociado

A baixa da asociación por calquera motivo non exime ao asociado de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.

Perderase a condición de asociado:

- a) Por decisión voluntaria do asociado, comunicada por escrito ao presidente.
- b) Por sanción imposta pola xunta directiva, de xeito motivado e con audiencia do interesado, por incumprimento grave ou reiterado das obrigas inherentes á condición de asociado. O acordo de expulsión notificarase por escrito e contra el caberá recurso ante a primeira asemblea xeral que se realice.
- c) Por extinción da persoa xurídica representada na asociación.
- d) Se non está ao día das cotas establecidas.

e) Facúltase á Xunta directiva para aquelas Asociacións que deben figurar obrigatoriamente como membros do GDR e non existindo ningunha como asociado, poderá incorporarse a unha asociación pertencente a unha das mesas obrigatorias, previa petición por escrito á Xunta Directiva na que se compromete ás obrigas establecidas para os demais membros da Xunta Directiva e condonarlle o pago da cota anual.

### Artigo 9. Derellos dos asociados

Os asociados teñen os seguintes derellos:

- a) Elixir e ser elixidos para formar parte da xunta directiva e doutros órganos que se poidan crear.
- b) Participar con voz e con voto na asemblea xeral.
- c) Obter información sobre calquera aspecto da marcha da asociación que lle poda resultar de interese.
- d) Os demais que resulten das normas legais e dos estatutos da asociación, ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.
- e) Participar nas actividades da asociación.
- f) Ser oídos con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra eles e ser informados dos feitos que dean lugar a tales medidas.
- g) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estimen contrarios á lei ou aos estatutos.

Para poder participar na asemblea xeral e nas actividades da asociación será necesario estar ao corrente no pagamento das cotas.

## Artigo 10. Obrigas dos asociados

Son obrigas dos asociados:

- a) Satisfacer unha cota de entrada/anual de 20 euros as asociacións privadas e de 1000 euros as entidades públicas. Dependendo do estado da tesourería a asemblea poderá modificalas.
- b) Asistir ás asembleas xerais e acatar os estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- c) Ocupar os cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigas inherentes a ditos cargos.
- d) Participar e realizar cantas tarefas lles sexán encomendadas pola asemblea xeral, a xunta directiva, as mesas sectoriais das que formen parte ou outros órganos que se creen.
- e) Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teñan interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco ata o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta.
- f) Fomentar os obxectivos que promove a asociación.
- g) Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos órganos sociais.

## TÍTULO V. ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

### Artigo 11. Órganos da asociación

Os órganos colexiados da asociación son, a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva, as Mesas Sectoriais e con carácter potestativo por decisión da Xunta Directiva, un Comité Executivo.

Os órganos unipersoais son: o Presidente ou Presidenta, o Secretario ou Secretaria e o Tesoureiro ou Tesoureira. Poderán existir, ademais dos anteriores, un ou varios Vicepresidentes ou Vicepresidentas, un ou varios Vicesecretarios ou Vicesecretarias e un ou varios Vicetesoureiros ou Vicetesoureiras. De existir máis dun Vicepresidente/a, Vicesecretario/a ou Vicetesoureiro/a, todos deberán ter unha orde numérica indicando a súa prelación en caso de ser necesaria a súa actuación. Os titulares destes órganos son elixidos pola Xunta Directiva de entre os seus membros, por un período de 4 anos e poden ser reelixidos dúas veces máis.

### Artigo 12. Asemblea xeral: composición e funcións

1.- A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e estará integrada por todos os asociados, a través dos seus representantes.

2.- A Asemblea Xeral é o órgano competente sobre os seguintes asuntos:

- a) Aprobación das contas do exercicio anterior e do orzamento do exercicio seguinte.
- b) Aprobación da memoria de actividades e das actividades a realizar.
- c) Solicitude de declaración de utilidade pública.
- d) Establecemento do número, composición e representatividade dos órganos da asociación que se creen.



# adercou

- e) Nomeamento dos membros da xunta directiva e cesamento anticipado de calquera deles.
- f) Decidir sobre cantas cuestións afecten á boa marcha da entidade que sexan sometidas á súa consideración pola Xunta Directiva ou polos asociados como rogo ou pregunta.
- g) Constitución de federacións ou integración nelas.
- h) Acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pagamento. A Asemblea poderá acordar establecer importes diferentes para asociados públicos e privados. A contía da cota de ingreso será igual á achega fundacional, podendo a Asemblea establecer unha actualización anual non superior ao IPC.
- i) Aprobación do Regulamento de Réxime Interior.
- j) Aprobación e modificación dos Estatutos Sociais.
- k) Disolución da asociación.
- l) Disposición ou alleamento de bens.

### **Artigo 13. Asemblea Xeral: convocatorias**

1.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario cando menos unha vez ao ano para aprobar, como mínimo, as contas e os orzamentos. A convocatoria realizaraa o Presidente con quince días de antelación, polo menos, á data da reunión, achegando a orde do día coa convocatoria.

2.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter extraordinario mediante convocatoria do Presidente, por propia iniciativa, por acordo da Xunta Directiva ou cando o solicite un número de asociados non inferior ao 33%. A petición dos asociados realizarase mediante escrito dirixido ao Presidente, autorizado coa sinatura dos peticionarios, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día. Cando non se convoque transcorridos dez días dende o da petición, os peticionarios poderán facer a convocatoria. A Asemblea Xeral así convocada poderá desenvolverse elixindo ao inicio dela un Presidente e un Secretario.

3.- As Asembleas Xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando a elas concorran, presentes ou representados, a maioría dos asociados e, en segunda convocatoria, pasados 10 minutos dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, cun mínimo dun 25% de asociados. En todos os casos deberá cumprirse que os votos do sector privado representen máis do 50% dos votos totais.

4.- De cada unha das reunións realizadas levantarase a correspondente acta, que certificará o Secretario co visto e prace do Presidente.

### **Artigo 14. Asemblea Xeral: adopción de acordos.**

1.- Cada asociado terá dereito a un voto.

2.- Os acordos sobre os asuntos sinalados nas letras a) a h) do apartado 2 do artigo 12 aprobaranse por maioría simple dos asociados presentes ou representados.

Non obstante, requirirase maioría dos dous terzos dos asociados presentes ou representados para decidir sobre os asuntos sinalados nas letras i) a l) do apartado 2 do artigo 12.



**ADERCOU**

Os acordos adoptados obrigarán a todos os asociados, incluso aos non asistentes. Os acordos acreditaranse mediante certificacións expedidas polo Secretario co visto e prace do Presidente.

### **Artigo 15. Xunta directiva: composición**

- 1.- A Xunta Directiva é o órgano con facultades xestoras, executivas e de representación da asociación.
- 2.- A Xunta Directiva da asociación estará formada polos asociados, a través dos seus representantes, elixidos pola Asemblea Xeral, en función da pertenza destes a cada mesa sectorial, de acordo coa representatividade que a Asemblea Xeral lle outorgue a cada un deles.
- 3.- A Xunta Directiva constará dun máximo de 21 membros. En todo caso, na Xunta Directiva deberán estar representados cada un dos colectivos cuxa presenza é obrigatoria na mesma ou órgano decisorio similar sempre que sexan socios do GDR e desexen formar parte dela. O número de representantes do sector privado será sempre superior ao do sector público. Todos os concellos pertencentes ao Grupo de Desenvolvemento Rural ADERCOU que o soliciten poderán ter o seu representante na Xunta Directiva, coa limitación de que sempre se cumpra que o número de representantes de entidades privadas sexa superior.
- 4.- *Se se constituíu unha Comisión Xestora formada polos representantes máis avalados en cada Mesa Sectorial e cumpre os criterios sinalados no punto 3 deste artigo, poderá presentarse como candidata en bloque á Xunta Directiva da Asociación ADERCOU. Este bloque incluirá, alomenos, entre os seus candidatos á totalidade dos xa citados representantes saídos por avais das Mesas Sectoriais.*
- 5.- *As candidaturas que se presenten á Xunta Directiva deberán cumprir cos criterios xa sinalados no punto 3 deste artigo, e conter ademais representantes avalados para todas as Mesas Sectoriais e en conxunto un mínimo do 25% dos avais presentados.*
- 6.- Os membros da xunta directiva cesarán nos seus cargos por falecemento, por renuncia voluntaria, por transcurso do prazo do mandato, pola extinción ou baixa na asociación da entidade á que representen, por perder a condición de representante da entidade á que representen ou por acordo da Asemblea Xeral. O cesamento levará consigo a obriga de poñer ao día ao sucesor e, eventualmente, de entregarlle a documentación pertinente. Cando a causa de cesamento afecta exclusivamente ao representante da asociación e non á propia asociación, esta poderá nomear un novo representante na Xunta Directiva.
- 7.- As vacantes que se produzan na Xunta Directiva cubriranse cos asociados que elixa a Asemblea Xeral segundo a mesa sectorial e o sector público ou privado ao que pertenza a vacante.
- 8.- Ningunha entidade poderá otorgar máis dun aval, nin participar en máis dunha candidatura á Xunta Directiva.

### **Artigo 16. Xunta Directiva: funcións.**

A Xunta Directiva é o órgano competente para:

- a) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- b) Acordar e executar as accións de goberno e administración da asociación.
- c) Propoñer ou conceder axudas no marco de programas ou proxectos que xestione a asociación.
- d) Adoptar as medidas precisas para o cumprimento das fins estatutarias e, en xeral, para a boa marcha da asociación.
- e) Elaborar o informe económico anual, o orzamento, a memoria e o plano de actividades para a súa presentación na Asemblea Xeral.



- f) Interpretar os preceptos contidos nos estatutos e no Regulamento de Réxime Interno, de habelo.
- g) Organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre os asociados.
- h) Elaborar o Regulamento de Réxime Interno.
- i) A admisión e separación de asociados.
- j) Cantas deriven da lexislación ou estatutos e, en xeral, cantas facultades non estean reservadas por aquela ou por estes a outros órganos sociais, así como as delegadas pola Asemblea Xeral.
- k) Acordar as convocatorias das Asembleas Xerais Extraordinarias.
- l) Propostas de novos asociados.
- m) Asistencia ás reunións, e de obrigado cumprimento acatar o procedemento establecido por AGADER para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR, que debe adxuntarse a cada expediente, cunha declaración expresa asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto e que sinala que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto. Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.

#### **Artigo 17. Xunta Directiva: convocatoria e adopción de acordos.**

1.- A Xunta Directiva reunirse en calquera momento mediante convocatoria do Presidente, por propia iniciativa ou a instancia motivada dun mínimo de cinco membros, que indicarán os asuntos a tratar na orde do día.

2.- Entenderase validamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorran a maioría dos membros ou, en segunda convocatoria, pasados 10 minutos dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, cando concorra un mínimo dun 25% dos membros. En todos os casos os membros do sector privado deberán representar máis do 50% dos votos totais. Poderán asistir ás sesións da Xunta Directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á Xunta Directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

3.- Os membros da Xunta Directiva, en caso de ausencia, poderán delegar, por escrito, noutros membros do sector público ou privado, segundo o sector ao que pertenza o ausente. Cada membro presente só poderá ter un voto delegado.

4.- No proceso de toma de decisións, cada membro da Xunta Directiva ostenta un voto propio e como máximo outro delegado, cumprindo o sinalado no punto anterior.

5.- Os acordos adoptaranse por maioría simple.

#### **Artigo 18. Presidente ou Presidenta.**

O Presidente ou Presidenta ostenta a representación legal da asociación, tanto en xuízo coma fóra del, e ten voto de calidade en caso de empate nas votacións. Terá como funcións:

- a) Dirixir, ordenar e arbitrar os debates da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva, así como convocar as súas reunións, presidilas e fixar a orde do día.
- b) Ordenar os gastos e pagamentos da entidade, asinando xunto co Tesoureiro/a.

- c) Autorizar coa súa sinatura os escritos e comunicacións necesarios para o funcionamento da asociación, así como visar os documentos autorizados polo secretario/a, especialmente se teñen o carácter de certificacións.
- d) Asumir e realizar tantas encomendas como lle sexan encargadas por acordo da Xunta Directiva ou da Asemblea Xeral.
- e) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- f) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.
- g) Subscribir contratos a nome da asociación, outorgar poderes a terceiros, interpoñer reclamacións en vía administrativa e ante a xurisdición ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herdanzas a beneficio de inventario, exercer accións e opoñer excepcións.
- h) Coordinar todas as actividades que constitúen o obxecto da asociación.
- i) Exercer a xefatura do cadro de persoal da entidade.
- j) Asinar documentos de pago e facer operacións de crédito con acordo previo da Xunta Directiva.
- k) Representación da entidade ante fedatarios públicos.

### Artigo 19. Vicepresidente ou Vicepresidenta.

O Vicepresidente ou Vicepresidenta, en ausencia do Presidente/a, exercerá todas as funcións e atribucións que ten organicamente este. Si existisen máis dun Vicepresidente/a, estes actuarán por substitución dacordo coas indicacións ou encomendas do Presidente/a. De non existir encomenda explícita os Vicepresidentes/as actuarán según a prelación que se lles asigna dacordo á orde numérica do seu nomeamento.

### Artigo 20. Secretario ou Secretaria.

Ao Secretario ou Secretaria correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Actuar exercendo como tal en todas as reunións.
- b) Custodiar os libros de actas e documentación da asociación, excepto os libros de contabilidade.
- c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento das actividades administrativas da entidade.
- d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva e do Comité Executivo, se existe, así como expedir certificacións dos mesmos co visto e prace do Presidente.
- e) Levar a correspondencia ordinaria, o rexistro e o ficheiro, así como custodiar os selos.
- f) Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión do Presidente.
- g) Redactar a memoria anual da asociación.
- h) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.

De existir Vicesecretario ou Vicesecretaria, en ausencia do Secretario/a, exercerá todas as funcións e atribucións que ten organicamente este. Se existisen máis dun Vicesecretario/a, estes actuarán dacordo coas indicacións ou encomendas do Secretario/a. De non existir encomenda explícita os Vicesecretarios/as actuarán



**adercou**

segundo a prelación que se lles asigna dacordo á orde numérica do seu nomeamento.

**Artigo 21. Tesoureiro ou Tesoureira.**

Ao Tesoureiro ou Tesoureira correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Recadar os fondos para a asociación e custodialos.
- b) Efectuar os pagamentos acordados polo Presidente/a.
- c) Dirixir e ordenar a contabilidade, así como velar pola orde económica da asociación.
- d) Elaborar o orzamento anual de ingresos e gastos, así como os balances.
- e) Levar os libros de contabilidade e o inventario de bens.
- f) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no Regulamento de Réxime Interno.

De existir Vicetesoureiro ou Vicetesoureira, en ausencia do Tesoureiro/a, exercerá todas as funcións e atribucións que ten organicamente este. Se existisen máis dun Vicetesoureiro/a, estes actuarán dacordo coas indicacións ou encomendas do Tesoureiro/a. De non existir encomenda explícita os Vicetesoureiros/as actuarán segundo a prelación que se lles asigna dacordo á orde numérica do seu nomeamento.

**Artigo 22. Comité Executivo.**

Se por razóns de eficacia a Xunta Directiva, por maioría de dous terzos, considéranlo conveniente poderá crear un Comité Executivo cumprindo os requisitos técnicos establecidos.

As funcións do Comité Executivo serán as que lle sexan delegadas pola Xunta Directiva.

Exercerá como Presidente/a do Comité Executivo o Presidente/a da Xunta Directiva e o mesmo sucederá cos restantes cargos electos. Reunirse en calquera momento mediante convocatoria do Presidente/a, por propia iniciativa ou a instancia motivada de calquera dos seus membros, que indicarán os asuntos a tratar na orde do día.

**Artigo 23. Mesas Sectoriais.**

1.- Os asociados integrados na Asemblea Xeral organizaranse en 8 colectivos (Mesas Sectoriais), sempre e cando sexan socios do GDR e desexen formar parte da citada Xunta Directiva ou órgano decisorio similar.

As Mesas Sectoriais estarán organizadas en torno aos seguintes colectivos:

- 1. As asociacións de mulleres.
- 2. As asociacións de mozos.
- 3. As asociacións de acción social.
- 4. As asociacións cuxo obxecto social estea relacionado, de xeito prioritario, coa protección, conservación e/ou mellora do ambiente.
- 5. As asociacións do sector agrario, incluíndo as organizacións profesionais agrarias.
- 6. As asociacións de empresarios e as asociacións profesionais.
- 7. As asociacións do sector cultural.
- 8. O sector público.

2.- As mesas sectoriais teñen como finalidade servir tanto de canle participativa na asociación dos actores implicados no desenvolvemento do territorio como de canle

# adercou



informativa das actividades da asociación. Nas mesas sectoriais porase en común a problemática do sector ao que representen e as actuacións de mellora, proxectos, iniciativas, etc, que o sector poida concebir, para elevar propostas á Asemblea Xeral e á Xunta Directiva.

3.- A Asemblea Xeral poderá variar as Mesas Sectoriais segundo as novas demandas ou sectores que xurdan no territorio e decidirá o número de representantes que lle corresponderá a cada Mesa Sectorial na Xunta Directiva. Os representantes das mesas na Xunta Directiva serán elixidos pola Asemblea Xeral por proposta de cada mesa.

4.- Para o funcionamento das Mesas Sectoriais o representante elixido con maior número de avais actuará como Presidente/a e o segundo máis votado actuará como Secretario/a. Se non existise, ou houbose empate elixirase dentro da mesa.

5.- Levantarase acta das reunións celebradas que será custodiada polo Secretario/a e da que se enviará copia ao Secretario/a da Xunta Directiva para o seu arquivo.

## TÍTULO VI. RÉXIME ECONÓMICO E PATRIMONIAL

### Artigo 24. Réxime económico e patrimonial.

1.- No momento da súa constitución, a asociación carece de patrimonio fundacional.

2.- O patrimonio estará constituído polos ingresos provenientes de:

- a) Achegas económicas dos asociados.
- b) Doazóns, subvencións, legados e herdanzas.
- c) Resultados económicos que se podan producir polas actividades organizadas pola entidade.
- d) Outros ingresos permitidos pola lexislación vixente.

O exercicio económico pecharase o 31 de decembro de cada ano.

## TÍTULO VII. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

### Artigo 25. Disolución.

1.- A asociación establécese por tempo indefinido e poderá disolverse, no seu caso,

- a) por sentenza xudicial.
- b) por acordo tomado en Asemblea Xeral convocada ao efecto.
- c) por carecer de recursos económicos para cubrir os gastos máis elementais.
- d) por ter realizado a fin para o que se constituíu.
- e) polas demais causas que determina a lei.

Unha vez disolta a asociación procederase á súa liquidación.

2.- Se non se acordase outra cousa na Asemblea Xeral, actuarán como liquidadores tres dos membros da Xunta Directiva, nomeados por esta para esa función.

3.- A comisión liquidadora farase cargo do patrimonio existente e satisfará as obrigas pendentes, se as houbera. O remanente, no caso de que exista, será entregado a calquera entidade legalmente constituída que se dedique a idénticos fins ou, no seu defecto, análogos aos desta asociación.

## TÍTULO VIII. PROCEDEMENTO PARA EVITAR CONFLICTO DE INTERESES.

### Artigo 26. Procedemento.

1. Deberá xuntarse a cada expediente unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto e que sinala que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.
2. De non asinar dito documento será causa de exclusión automática da Xunta Directiva, dando conta na seguinte Asemblea. Crearase unha lista de posibles membros que subsistirá á persoa sainte (segundo sexa mesa de mulleres, mozos, empresarios, etc).
3. Se un membro da Xunta Directiva e Personal Técnico ten algún tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal nel, debe presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do expediente. Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.
4. Se un membro do comité da Xunta Directiva ou do persoal da asociación se atopa na situación descrita no parágrafo anterior, non poderá participar no proceso de avaliación ou selección, nin atoparse presente durante o debate da proposta do proxecto. Esta circunstancia documentarase nas actas.
5. Cando exista dúbida sobre o interese común entre algún membro da Xunta Directiva ou do persoal, a Asociación deberá remitir á entidade encargada da xestión do programa ou axuda para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.
6. Estas normas refírense exclusivamente á xestión das axudas nas que a asociación actúe como entidade colaboradora da Administración para a xestión da medida 19 (Leader) do PDR de Galicia 2014-2020.

### Diposición Adicional primeira

En tanto non se desenvolva a estrutura participativa das mesas sectoriais que aparece prevista nos estatutos, a Xunta Directiva elixida na Asemblea constituínte terá a maior representatividade posible, tanto territorial como sectorialmente, e terá carácter provisoria. A Xunta Directiva en marcha a asociación e os seus órganos.

